|--------------------------------|---|-----------------------|
| 32600.46700                    | Liquidacións Consorcio Galego Escolas Infantís                            | 102.812,50            |
| 32600.46700                    | Achega mun. Consorcio Galego para construción E.I. Fundac. Amancio Ortega | 30.000,00             |
|                                | <b>TOTAL</b>  | <b>132.812,50 €</b>   |

| <b>Aplicación Orzamentaria</b> | <b><u>CAPÍTULO VIII</u></b>                                   | <b><u>Importe</u></b> |
|--------------------------------|---|-----------------------|
| 42200.87000                    | Aportación a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo Rocódromo | 74.536,00             |
|                                | <b>TOTAL</b>  | <b>74.536,00</b>      |

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Area de Economía número 19002119 do 15/3/2019 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2018, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 46.131.031,20 euros.

O Superávit en termos de contabilidade nacional segundo a normativa SEC2010 se elevaba a 12.286.961,65 euros.

Lugo, 26 de setembro de 2019.- EXCMA. SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, Lara Méndez López.

R. 2903

MONDOÑEDO

*Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 4 de setembro do 2019, o expediente de Suplemento de Crédito nº 2019/3, por importe de 94.914,00 e Suplemento de Crédito nº 2019/4, por importe



de 40.000 euros e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentase reclamacións, considerase elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177 e 169.3 do TRLRFL, facéndose público o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do referido orzamento, que queda como sigue:

| CAPITULOS                                  | GASTOS             | INGRESOS            |
|--|--------------------|---------------------|
| 1.Gastos de personal                       | 2.147.129,84       | 1.432.460,00        |
| 2.Gastos corrientes en Bienes y servicios. | 1.522.362,21       | 62.000,00           |
| 3.Gastos financieros                       | 7.188,57           | 470.368,00          |
| 4.Transferencias correntes                 | 72.688,67          | 1.851.821,86        |
| 5.Ingresos Patrimoniales                   | 0,0                | 15.822,88           |
| 6.Inversións reais.                        | 1.612.024,41       | 0,0                 |
| 7.Transferencias capital                   | 30.265,00          | 998.042,26          |
| 8. Activos financieros                     |                    | 993.287,65          |
| 9. Pasivos financieros.                    | 432.143,97         | 0.0                 |
| <b>TOTAL</b>                               | <b>5.823808,67</b> | <b>5.823.802,67</b> |

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos,  
Mondoñedo, 1 de outubro de 2019.- A alcaldesa, Elena Candia López.

R. 2943

## OUTEIRO DE REI

### *Anuncio*

Aprobados inicialmente os Padróns do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza Urbana, Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza Rústica e Imposto sobre Actividades Económicas deste Concello, correspondentes ao ano 2019, dispónse o sometemento a exposición pública, polo prazo de 15 días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio. De non presentarse alegacións no período de exposición pública, entenderanse aprobados definitivamente os indicados Padróns.

De conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recaudación, faise público o período voluntario de cobranza.

1. Importe do Padrón de Bens inmóbles de natureza Urbana: 865.504,04 euros
2. Importe do Padrón de Bens inmóbles de natureza Rústica: 65.015,42 euros
3. Importe do Padrón de Actividades Económicas: 119.980,92 euros
4. O período de recadación en voluntaria realizarase entre o 1 de outubro e o 2 de decembro de 2019.

O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora Abanca.

Os recibos domiciliados serán cargados directamente nas contas sinaladas polos contribuíntes. Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio, e devengaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Réxime de recursos: Conforme ao disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do Padrón. Devandito recurso entenderase desestimado se non recaese resolución expresa no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa presentación. Contra a resolución do Recurso de Reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado competente do Contencioso-Administrativo nos prazos sinalados no artigo 46 da

Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non poderá compaxinarse a interposición de ambos recursos.

Outeiro de Rei, 24 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2904

## QUIROGA

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 20 de setembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

1º Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao terceiro trimestre do exercicio de 2.019.

2º Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3º Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4º A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 23 de setembro 2019.- O Alcalde-Presidente, Julio Álvarez Núñez.

R. 2884

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO NO CONCELLO DE RIBAS DE SIL (PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2019).

#### **1ª.- OBXECTO.**

**1.1. Obxecto:** Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso de **UN/UNHA (1) AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.**

A convocatoria realízase ao abeiro do Programa Fomento de Emprego incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Excm. Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 052 do 2 de marzo de 2019), vista a necesidade deste concello de contratar persoal en réxime laboral temporal para facer fronte ás necesidades dos servizos municipais.

**Tipo do contrato:** O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será a xornada completa, de duración determinada, na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

**Duración do contrato:** desde a data de finalización do proceso selectivo e formalización do contrato, que se realizará coa maior celeridade posible, ata o 30 de setembro de 2020.

**Retribución:** O salario bruto mensual é de 902,25 € máis 150,38 € de paga extra.

**1.2. Normas de aplicación:** As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 (BOP núm. 052 do 2 de marzo de 2019) e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Ribas de Sil, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

## 2ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitude e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- f) **Ser persoa inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego. Segundo a base 8ª.1 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para aqueles casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ó 50% da xornada.**
- g) Carne de conducir B1 e dispoñer dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

**Terán preferencia as persoas que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou aqueles outros títulos que acrediten a cualificación profesional do persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar segundo a normativa vixente.**

**As persoas que non estean en posesión da devandita titulación ou certificado de profesionalidade poderán optar ó emprego pero será obrigatorio que posúan a titulación no momento en que a lexislación autonómica que regula o servizo de axuda no fogar así o esixa sen excepcións, e será causa de rescisión do contrato non cumprir con este requisito.**

## 3ª.- SOLICITUDES.

3.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ós modelos que figuran como Anexo I, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribas de Sil, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- .- Fotocopia compulsada do DNI.
- .- Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos para a participación no proceso de selección.
- .- Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

.- Fotocopia compulsada do carné de conducir.

.- Fotocopia compulsada da tarxeta sanitaria.

.- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público (Anexo II).

.- Declaración responsable de dispoñer dun coche propio para poder utilizalo no suposto de ser necesario desprazamento (Anexo III).

.- Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

3.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Ribas de Sil.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante correo electrónico: [concelloribasdesil@gmail.com](mailto:concelloribasdesil@gmail.com), durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

#### **4ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN.**

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### **5ª.- FASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante dúas probas:

a) Valoración de méritos alegados polos interesados.

En caso de empate, levarase a cabo unha:

b) Entrevista persoal.

#### **6ª.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS**

##### **6.1.- VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data.

A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de **26 puntos**.

#### **A.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA**

- Estar en posesión doutros cursos relacionados co posto de traballo impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada: Ata un máximo de **5 puntos** segundo o baremo seguinte:
  - Non se valorarán as xornadas ou cursos con menos de 20 horas de duración.
  - Por cada curso de 20 a 50 horas lectivas: 0,25 pto/curso.
  - Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 pto/curso.
  - Por cada curso de duración de 101 a 200 horas lectivas: 0,75 pto/curso.
  - Por cada curso de duración de máis de 200 horas lectivas: 1,50 pto/curso.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez.

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición. Non se computarán os cursos non acreditados polos/as concursantes.

Non se valorarán as titulacións académicas esixidas polo artigo 76 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para o acceso aos distintos grupos de titulación, nin os cursos encamiñados á obtención destas.

- Por estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos (1 **punto**).

## **B. EXPERIENCIA PROFESIONAL**

Puntuarase ata un máximo de **20 puntos**, consorte a seguinte escala:

- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,10 puntos/mes de servizo) non se computarán servizos inferiores a un mes.
- Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo (0,05 puntos/mes de servizo), non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos, os meses de trinta días.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais **informe de vida laboral** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

### **6.2.- ENTREVISTA**

A entrevista persoal, só a levar a cabo en caso de empate entre os candidatos na valoración dos méritos, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo así como sobre os coñecementos relacionados coas tarefas a desempeñar en dito posto. Esta entrevista valorarase cunha **puntuación máxima de 5 puntos**.

**A data, hora e lugar da entrevista se notificarán aos candidatos/as unha vez determinado se existe empate ou non na fase de valoración de méritos.**

### **7ª.- RESOLUCIÓN**

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, propoñendo a proposta de nomeamento ao candidato/a que obtivera a maior puntuación.

Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo cando se produza renuncia do/a aspirante seleccionado/a ou calquera outra circunstancia, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do tribunal cualificador.

### **8ª.- IMPUGNACIÓN.**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados e interesadas nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribas de Sil, 19 de setembro de 2019.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

## ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE 1 AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO.

D/D<sup>a</sup>..... provisto/a  
 de D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....  
 ..... nº..... piso..... C.Postal .....  
 Localidade ..... Municipio ..... Provincia.....  
 Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribas de Sil para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de 1 AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

## DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que autorizo ó Concello de Ribas de Sil para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime.

TERCEIRO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

....., ..... de.....de 2019

Asdo.-: .....

## SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL

O CONCELLO DE RIBAS DE SIL é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril ( GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro ( LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obrigação legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE RIBAS DE SIL. Praza Maior, 1 - 27310 San Clodio (Lugo). Email: concelloribasdesil@gmail.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

**ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/D<sup>a</sup>..... provisto/a  
de D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....  
..... nº..... piso..... C.Postal .....

Localidade ..... Municipio ..... Provincia.....  
Teléfono.....

**DECLARO:**

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Ribas de Sil, de 2019

**ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/D<sup>a</sup>..... provisto/a  
de D.N.I. nº..... con enderezo na R/.....  
..... nº..... piso..... C.Postal .....  
Localidade ..... Municipio ..... Provincia.....  
Teléfono.....

DECLARO:

Que dispoño de coche para poder utilizalo no suposto de ser necesario desprazamento.

Ribas de Sil, de 2019



R. 2833

---

**SARRIA***Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Sarria na sesión celebrada o 11 de setembro de 2019 acordou aprobar a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de inmobles, (artigo 3).

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://sarria.sedelectronica.es>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Sarria, 16 de setembro de 2019.- O Alcalde don Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2885

---

**TRABADA***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE CREACIÓN DE NOVA ORDENANZA REGULADORA**

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2019 a creación da nova "Ordenanza reguladora do réxime interno de funcionamento e utilización do Punto de Atención á Infancia" deste Concello, de conformidade co disposto no apartado b) do art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expónse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada, 25 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2886

---

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE CREACIÓN DE NOVA ORDENANZA FISCAL**

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2019 a creación da nova "Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización do ximnasio municipal" deste Concello, de conformidade co disposto no apartado b) do art. 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expónse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada, 25 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2887

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 1 ÁVILA

#### *Anuncio*

D<sup>a</sup> MARIA JESUS MARTÍN CHICO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE AVILA.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. JULIO BLAZQUEZ SAN ROMAN contra SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., FOGASA en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000289 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, la suspensión del acto de conciliación/juicio señalado para el 3.10.19 y el nuevo señalamiento debiendo **citar** a SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 28/11/2019 a las 10:10 horas, en C/ RAMON Y CAJAL 1, - Sala 001, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L.**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

AVILA, a veintitrés de Septiembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2888

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

#### *Anuncio*

AXUDAS Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DESTE MUNICIPIO CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2019/2020

BDNS (Identif.): 474659

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, publíquese o extracto da convocatoria da que se pode consulta o texto completo na BDNS.

Primeiro. Beneficiarios:

1. Alumnado de ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de Grao e ensinanzas universitarias conducentes a títulos de Licenciados ou Diplomados, empadroados no concello de Monforte de Lemos.
2. Alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato empadroados no Concello de Monforte de Lemos que teñan que desprazarse fóra do termo municipal, por non existir oferta do ciclo formativo neste municipio ou non ter obtido praza na oferta local no curso.
3. No caso dos menores se entenderá como beneficiario o pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a.

Segundo. Obxecto:

As presentes bases teñen por obxecto rexer o concurso para a concesión de axudas para os gastos de transporte público ás distintas universidades da Comunidade Autónoma de Galicia do alumnado universitario empadroados no Concello de Monforte de Lemos, así como os do alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fóra do Concello de Monforte de Lemos, por non existir oferta formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio, ou non ter obtido praza na oferta local no curso.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na páxina web do Concello de Monforte e na BDNS.

Cuarto. Contía:

14.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o 31 de outubro de 2019.

MONFORTE DE LEMOS, 25 de de setembro de 2019.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 2898